

# **PROGRAMACIÓN**

# **XERAL ANUAL**

# **2023 – 2024**

**ÍNDICE**

INTRODUCCIÓN-----	pax. 4
1. FUNDAMENTACIÓN LEXISLATIVA -----	pax. 4
2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023 -2024 -----	pax. 4
3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS -----	pax. 7
4. RECURSOS PREVISTOS PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS -----	pax. 7
5. CONCRECIÓN CURRICULAR -----	pax. 10
6. MODIFICACIÓN DO PE -----	pax. 10
7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE -----	pax. 10
8. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA -----	pax. 11
9. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS -----	pax. 16
10. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO -----	pax. 16
11. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO -----	pax. 16
12. QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS -----	pax. 17
13. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA -----	pax. 18
14. LIBROS DE TEXTO E DE MAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO -----	pax. 18
15. PROGRAMA ANUAL DE AAEECC -----	PAX. 22
16. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN: MODIFICACIÓNS -----	pax. 22
17. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE -----	pax. 22
18. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO -----	pax. 23
19. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA -----	pax. 23
20. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR -----	pax. 25
21. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR -----	pax. 26
22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO -----	pax. 30
23. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA -----	pax. 30
24. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO -----	pax. 31

## **ANEXOS:**

**ANEXO 1 CONCRECIÓN CURRICULAR**

**ANEXO 2 PLAN DE CONVIVENCIA**

**ANEXO 3 ADDENDA NOF**

**ANEXO 4 PLAN DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**

**ANEXO 5 PROGRAMACIÓN DE AAEECC**

**ANEXO 6 PROXECTO DE FOMENTO DA LINGUA GALEGA**

**ANEXO 7 PROXECTO LECTOR DE CENTRO**

**ANEXO 8 ADDENDA AO PLC**

**ANEXO 9 PLAN DA BIBLIOTECA**

**ANEXO 10 PLAN DE LECTURA**

**ANEXO 11 PROGRAMACIÓN DO DEPARTAMENTO DE ORIENTACIÓN**

**ANEXO 12 PLAN DIXITAL**

## INTRODUCCIÓN

Esta Programación Xeral Anual (PXA) recolle os obxectivos e plans de traballo do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé para o curso 2023-2024, sendo algúns deles resultado das conclusións e plans de mellora establecidos na Memoria Final do curso 2022-2023.

Recollemos na PXA os propósitos e actividades que se pretenden desenvolver durante o presente curso escolar, así como a organización do centro (profesorado, alumnado, espazos...), garantindo a coordinación de todas as actividades, o correcto exercicio dos diferentes órganos de goberno e de coordinación docente, e a participación de todos os sectores da Comunidade Educativa.

### 1. FUNDAMENTACIÓN LEXISLATIVA

Para a elaboración desta PXA tivéronse en conta:

- Decreto 374/1996 (Art. 98)
- A Orde do 22 de xullo de 1997 (Ap. 3)
- RESOLUCIÓN do 6 de xuño de 2023, da Dirección Xeral de Ordenación e Innovación Educativa, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de educación infantil, educación primaria, educación secundaria obrigatoria e bacharelato no curso académico 2023/24.
- Orde do 3 de maio de 2023 pola que se aproba o calendario escolar para o curso 2023/24 nos centros docentes sostidos con fondos públicos na Comunidade Autónoma de Galicia.

### 2. OBXECTIVOS ESPECÍFICOS PARA O CURSO ACADÉMICO 2023 – 2024

O obxectivo principal é sempre contribuir ao desenvolvemento integral do alumnado do centro facendo especial fincapé na convivencia, na igualdade de oportunidades e no respecto ás diferenzas, sin deixar de lado nunca a importancia que ten a participación de todos os membros da Comunidade Escolar.

No CEIP Marquesa do Pazo da Mercé queremos avanzar no camino da educación inclusiva e, para iso, é preciso promover unha sociedade na que as desigualdades sexan cada vez

---

menores. E estamos convencidos/as de que as diferenzas ofrecen unha magnífica oportunidade de enriquecemento persoal e social. Consideramos que é necesario construír comunidades educativas flexibles e atentas ás necesidades de todo o alumnado sen excepción, e cremos na necesidade da participación de toda a Comunidade Educativa xunta (cada un na medida na que lle corresponde). Como ben di un proverbio africano "para educar a un neno/a fai falla a tribo enteira".

## **OUTROS OBXECTIVOS:**

### ➤ **ÁMBITO: Organización do centro.**

- Revisar e actualizar o PE
- Revisar e actualizar o NOF
- Revisar e actualizar o reglamento do comedor escolar
- Fomentar a coordinación entre os distintos equipos docentes.
- Aumentar os apoios na aula, en función do horario do profesorado.
- Favorecer a formación do profesorado.

### ➤ **ÁMBITO: Proceso de E-A**

- Fomentar o hábito de traballo e estudo.
- Habituar ao alumnado no uso da aula virtual e o coñecemento do seu funcionamento.
- Favorecer o coñecemento de ferramentas TIC: 1 sesión semanal.
- Fomentar a lectura.
- Mellorar os resultados académicos do alumnado.
- Compensar desigualdades de aprendizaxe entre o alumnado.
- Insistir na adquisición de hábitos de autoprotección, promoción da saúde e alimentación saudable.
- Desenvolver actividades no marco do proxecto "O monte nace na escola"
- Desenvolver actividades de "Igualdade".
- Levar a cabo co alumnado actuacións encamiñadas á mellora do medio ambiente (plantacións, horta escolar...).

- Desenvolver actuacións que melloren autonomía do alumnado.
- Desenvolver talleres conducentes á adquisición de habilidades sociais.
- Desenvolver talleres que fomenten a igualdade entre os sexos.
- Desenvolver talleres que favorezan a capacidades e habilidades comunicativas do alumnado.

➤ **ÁMBITO: Instalacións, accesos e zonas verdes**

- Repoñer as redes deterioradas.
- Reparar os canleiros.
- Manter os patios limpos.
- Acondicionar as aulas de laboratorio e plástica (ata agora pechadas).
- Manter a herba cortada e as plantas e árbores coidadas.
- Solicitar o cambio das ventás do centro.
- Solicitar o cambio das portas de entrada para que cumpran a normativa de seguridade.
- Eliminar as portas que comunican o vestíbulo co corredor da planta baixa
- Mellorar o aspecto xeral do edificio principal: mural na fachada que dá ao aparcamento.
- Mellorar a zona destinada a patio de E. Infantil.
- Preparar a zona do horto para facer as plantacións.
- Proxecto "renaturalización dos patios"

➤ **ÁMBITO: Formación do profesorado**

- Mellorar a formación en TIC's e o manexo da aula virtual do centro.
- Continuar Plan Dixital do centro e implementar o seu desenvolvemento.
- Ampliar o coñecemento de técnicas e estratexias para a resolución de conflitos entre o alumnado.
- Continuar coa formación en bibliotecas escolares.
- Continuar coa formación no coñecemento e diseño de espazos de lecer natureza ("repensar o patio escolar")
- Elaboración de programacións coa nova app PROENS tanto para E.Infantil como

para E. Primaria.

- Actualización da formación para a función directiva (secretaría e xefatura de estudos).
- Participar nos PFPP propostos para este curso:
- Radio escolar.

➤ **ÁMBITO: Relación coas familias**

- Mellorar as información que deben chegar ás familias.
- Promover a participación das familias nas actividades do centro programadas para tal fin: xornadas de convivencia.

### 3. MEDIDAS A DESENVOLVER PARA A CONSECUCIÓN DOS OBXECTIVOS

Para o logro dos obxectivos relatados no punto anterior, o Equipo Directivo establecerá a organización e funcionamento do equipo docente e dos distintos grupos de traballo, concretando e actuacións encamiñadas á consecución do programado.

Farase un seguimento puntual do desenvolvemento das actuacións planeadas tanto nas reunión da CCP coma nos Claustros trimestrais.

### 4. RECURSOS PREVISTOS PARA ACADAR OS OBXECTIVOS

Contamos cos seguintes recursos:

#### a) *Recursos humanos*

##### **Persoal docente.**

O Claustro está formado por 19 profesores/as (á espera do nomeamento e incorporación do/a mestre/a do programa "Acompaña").

##### **Persoal non docente.**

O persoal non docente do centro está formado por 9 persoas:

- O persoal de cociña → 1 cociñeiro e 2 auxiliares,
  - As coidadoras → 1 ten unha redución horaria do 93,3% e a outra completa o resto do horario;
-

- Persoal de limpeza→ 3 traballadoras
- Traballadora do concello que vén abrir o centro e facer pequenos recados (correos...).

### **b) Recursos materiais e instalacións**

Á hora de enumerar e facer unha valoración dos recursos materiais e das instalacións do centro, temos que destacar varias cousas:

O noso é un colexio que ten 50 anos. As ventás teñen 50 anos. As portas teñen 50 anos. O tellado ten 50 anos... E en 50 anos o deterioro é importante. Cada ano "póñense un par de parches" para ir tirando. Levamos anos pedindo un cambio de ventanas, persianas xa solo quedan unhas poucas e as portas incumplen calquera norma de seguridade (a da entrada principal é a mesma na que cando eu viña á escola trillei un dedo, en fin...). Como di a canción "e sempre me dices para o ano que vén".

A pesar de ser moi vello e necesitar unha gran reforma, o cole presenta unha serie de oportunidades marabillosas.

A ubicación é fantástica: enclavado nun outeiro cunhas vistas espectaculares, ofrece situacións de aprendizaxe únicas: o entorno natural, a orografía e a paisaxe...

Os espazos, tanto as aulas coma os patios de lecer, son moi amplos e luminosos. Isto permite múltiples agrupamentos do alumnado: non hai problemas de espazo.

En canto a dotación e recursos o centro non carece de nada.

Grazas á colaboración e esforzo de toda a Comunidade e ao Concello, o noso "vello cole" funciona sen nada que envexar a calquera outro de recente factura.

Tendo en conta as instalacións coas que contamos, a organización dos espazos é a seguinte:

Cada grupo ten asignada unha aula na que se impartirán todas as materias excepto as especialidades.

Como hai moitas dependencias dispoñibles, cada especialidade ten aula propia:

- Aulas de Música: unha para as clases teóricas e outra para danza, movemento e expresión corporal,
- 2 aulas de Inglés (unha para cada mestre),



- Aula de Relixión,
- Aula de PT,
- Aula Específica
- 2 aulas de AL (unha para cada mestra)
- Aula de Plástica,
- Aula de Polos Creativos,
- Aula de Informática,
- Aula de audiovisuais,
- Ximnasio,
- Pavillón de deportes,
- 1 aula de apoio/desdobres,

\*O comedor do centro tamén se emprega para facer obradoiros de cociña.

O alumnado de E. Infantil dispón de 3 aulas e un amplo espazo entre elas que empregan para xogos e actividades varias.

#### Ubicación das aulas:

- Planta baixa:
  - Aulas de E. Infantil
  - Aula Específica
  - Aulas do 1º ciclo de E. Primaria
  - Audiovisuais
  - Cociña e comedor
  - Aula de Inglés (para o alumnado de 3º a 6º)
- 1ª planta:
  - Aulas do 2º ciclo de E. Primaria
  - Aulas do 3º ciclo de E. Primaria
  - Aula de Informática
  - Aula de Inglés (alumnado de E. Infantil e 1º ciclo de EP)

- Aulas de Música
- Aula de Plástica
- Aula de Polos Creativos,
- Aula de Relixión
- Aulas de AL
- Aula de PT
- Aula de apoios/desdobres
  
- Aula con acceso exterior:
  - Biblioteca

### **Distribución das zonas de recreo**

O alumnado de E. Infantil ten acotado un amplo espazo do patio que conta con zonas verdes e 2 patios cubertos para os días de chuvia. Este espazo vai ser acondicionado seguindo un proxecto de permacultura. As obras comezan no mes de outubro. Mentras duren as obras, o alumnado de E. Infantil fará os recreos no lateral cuberto do ximnasio.

O alumnado de Educación Primaria ten para as horas de recreo o patio e as pistas polideportivas. En canto rematen as obras no patio de infantil, o lateral cuberto do ximnasio será destinado a "zona de xoguetes" para o alumnado do 1º ciclo de E. Primaria.

Nos días de chuvia, o alumnado de E. Primaria fará os recreos no pavillón.

As entradas e as saídas ao pavillón farase acompañada polo profesorado co que teñen clase neses momentos.

## **5. CONCRECIÓN CURRICULAR.**

(Ver anexo 1)

## **6. MODIFICACIÓN DO PE.**

No PE fixéronse modificacións que afectan

- ao Plan de Convivencia (ver anexo 2),
- ás NOF ("adenda" adxunta no anexo 3)

## 7. ESTRATEXIAS METODOLÓXICAS E ORGANIZATIVAS DE ATENCIÓN AO ALUMNADO CON NEAE. (ver anexo 4 "Plan de atención á diversidade)

Para a atención ao alumnado con neae contamos cos seguintes recursos:

### ➤ Instalacións:

- Aula específica
- Aula de PT
- 2 aulas de AL
- Aula de apoio/desdobres

### ➤ Recursos materiais:

- Material manipulable (xogos didácticos, mesa de luz,...)
- Material funxible
- PDI
- Ipad
- Ordenadores

### ➤ Profesorado:

- Mestra de PT (aula específica)
- Mestra de PT
- Mestra de AL (aula específica)
- Mestra de AL (compartida coas unitarias adscritas)

## 8. CADRO DE ORGANIZACIÓN PEDAGÓXICA.

Os 19 mestres/as cos que conta o centro distribúense do seguinte xeito:

E. Infantil: 2 titoras

E. Primaria: 5 titores/as

Especialistas:

- Música → 1
- Inglés → 2
- E. Física → 1
- PT → 2
- AL → 2

- Francés → 1 (asume unha titoría de E. Primaria).
- Orientación → 1, itinerante.
- Relixión Católica → 1, itinerante.

### **Profesores compartidos/itinerantes:**

Este curso hai 4 mestres que, sendo o noso o seu centro base, itineran/comparten:

- A mestra de Inglés: itinera coas Unitarias de Rubiós e Taboexa (unitarias adscritas ao centro) e coa EEI Hernán Cortés de Vigo.
- A Orientadora: acode ás unitarias adscritas todos os xoves.
- A mestra de Relixión Católica: itinera coas unitarias adscritas ao centro e co CRA "A Picaraña".
- Unha das mestras de Audición e Linguaxe é compartida coas unitarias adscritas, os martes vai a Taboexa e os mércores vai a Rubiós.
- O auxiliar de conversa é compartido con Ribadavia, vén ao noso centro mércores e xoves.

Á hora de facer os horarios, houbo que ter en conta estas circunstancias, xa que aos itinerantes correspóndenlle "horas libres" de compensación pola itinerancia (*Acordo sobre as condicións de traballo do profesorado itinerante, do 18 de febreiro de 2008*).

Salvando este condicionante, os criterios seguidos para a organización do profesorado foron:

1º a mellor atención ao alumnado,

2º a optimización dos recursos existentes.

Para unha mellor organización e funcionamento do centro establecéronse *equipos de traballo*:

### ACTIVIDADES EXTRAESCOLARES E COMPLEMENTARIAS

COORD.  
ÁNXELA

MEMBROS:  
ISAAC, LUPE, LOLI,  
PILAR, PATRICIA

### ENFERMIDADES CRÓNICAS

COORD.  
ANA

MEMBROS:  
LUPE, ÁNXELA

### DINAMIZACIÓN DA LINGUA GALEGA

COORD.  
EVA

MEMBROS:  
CARMEN, JOSE,  
MERCHI, RELIXIÓN

### BIBLIOTECA

COORD.  
JÉSICA

MEMBROS:  
ANA, ALBERTO,  
BÁRBARA, PATRICIA

**BENESTAR E CONVIVENCIA**

**COORD.**  
ÁNXELA

**MEMBROS:**  
LOLI, LOURDES, MERCHI,  
PILAR, CARMEN

**TIC'S**

**COORD.**  
ALBERTO

**MEMBROS:**  
ANXI, JOEL, JOSE

**C. PROGRAMA/P. PROXECTA**


**COORD.**  
LOLI

**MEMBROS:**  
ANXI, ÁNXELA, EVA, ANA,  
ISAAC, ALBERTO, JÉSICA

**SECCIÓN BIBLINGÜE**

**COORD.**  
ÁNGELES

**MEMBROS:**  
ALBERTO, KAI



# CADRANTE XERAL 2023 - 2024

Día		Luns				Martes				Mércores				Xoves				Venres													
Nº	Mestre/a	Anterior	Libres	Total	1H	2H	3H	4H	1H	2H	3H	4H	5H	6H	1H	2H	3H	4H	5H	6H	1H	2H	3H	4H	5H	6H	1H	2H	3H	4H	
1	II JÉSICA		0		I1	I1	I1	I1	I1	I1	BE	BE	I1	I1	I1	PC	I1	I1		I1	I1	I1	BE	I1	I1	I1	I1	I1	I1		
2	I2 BÁRBARA		2		I2	I2	I2	I2	I2	I2	I2	BE	I2	I2	I2	PC		I2	I2	I2	I2		I2		I2	I2	I2	I2	I2		
3	1º JOEL		3		1º		1º	1º	1º	1º		PC	1º	1º	1º	1º		1º	1º	1º	1º	AP1º	1º	1º	TICS		1º	1º	1º	1º	
4	2º EVA		1		S	2º	2º	2º	S	2º	2º	TICS	2º		S	COO	2º	2º	2º	2º	S	S	2º	2º		2º	2º	S	2º	2º	
5	3º LOLI		0		XE	3º	3º	3º	3º	3º	COO	XE	3º	3º	3º	3º	XE	XE	3º	PC	3º	3º	3º	XE	3º		3º	3º	3º	XE	
6	4º CARMEN		3		4º		4º	4º	4º	4º	AP5º			4º	AP5º	4º	4º	PC	TICS	4º	4º	AP5º	4º	4º	4º	4º	4º	AP5º	4º		
7	5º JOSE		3		5º	5º	5º	TICS	AP4º	5º	5º	5º		5º		5º	5º	5º		5º	AP4º	5º	5º	PC	5º	5º	5º	5º	5º		
8	6º PILAR		3		6º	6º		6º	6º	AP3º	6º	6º	PC	TICS	6º	AP3º	6º	6º			6º	6º	6º	6º		6º	AP3º	6º	6º	6º	
9	ALBERTO (Ingl)		3		3º	4º	6º	5º	AP6º	TICS	3º	4º	5º	6º	5º	6º	3º		TICS	4º	AP6º		4º	3º	PC2º		6º		AP6º	5º	
10	ÁNGELES (Ingl)		1			U	U	U	2º		COO	2º	I1 - I2	4º		TICS	TICS	3º	5º	6º	2º	1º	AP2º	I1 - I2	1º		V	V	V		
11	ISAAC (E. F.)		3		2º	1º	AP1º	AP1º	5º	6º		3º	4º		2º	2º	1º		I2	I1	5º	2º	AP1º	AP1º	6º			2º	4º	3º	
12	LUPE (Música)		2		D	D	D		D	AP2º	1º	PDIX	I2 - I1	2º	D	4º	E	AP2º	6º		D		AP2º	I2 - I1	5º	3º	D	D		D	
13	ÁNXELA (O)		3			DO	DO	DO	DO	DO	DO	DO	DO		DO	DO	DO	DO	DO			U	U	U				DO	DO	DO	
14	MERCHI (PT)		2		2º	3º	5º	6º	1º	4º	5º	6º	2º		1º	4º	2º	6º		5º		3º	2º	4º	5º	1º	4º	3º	2º	5º	
15	PATRICIA (AL)		1		1º	2º/3º	4º	4º/5º	T	T	T	T	T		R	R	R	R	R			4º	4º	2º	5º/3º	I2	2º	4º	1º		
16	ANA (PT e)		2		E(AE)	I1	I2	E(O)	I2	I1	E(AE)	I1	E(O)	E(AE)	E(O)	I1	I2	E(AE)	I1			I1	E(AE)	E(AE)	I2		E(AE)	I2	I1	E(O)	
17	LOURDES (PT e)		2			AP5º	AL5º	API1/I2	Pelo1	AP5º	ALI1/I2	AL5º	API1		ALI1/I2	AL5º	ALI1/I2	API1	AP5º	API1		AP5º	ALI1/I2	API1	AL5º	E	Pelo2	AP5º	AL5º	ALI1/I2	
18	KAI														5º	6º	3º	PM			2º	1º	4º	I1/I2							
	PATRICIA ©		7			CRA	CRA	CRA				1º	6º				I1	I2	4º	3º	R			5º	2º		CRA	CRA	CRA		
	*ACOMPAÑA																														
	GARDAS				1	2	1	1	1	2	3	0	2	1	1	1	1	2	3	1	5	3	1	1	2	1	1	1	1	1	



## 9. PLAN DE ACTUACIÓN DOS ÓRGANOS COLEXIADOS

O Consello Escolar e o Claustro son os órganos colexiados a través dos que participa a Comunidade Educativa no control e xestión do centro.

Os dous órganos participan activamente no funcionamento do centro a través das canles establecidas para tal fin.

As súas reunións réxense pola normativa vixente, levándose a cabo as reunións mínimas establecidas e todas aquelas que se consideren necesarias ao longo do curso.

## 10. PLAN DE ACTUACIÓN DO EQUIPO DIRECTIVO

O Equipo Directivo ten marcadas no seu horario unha sesión na que coinciden as 3 persoas que compoñen o equipo para poder coordinarse e organizar as actuacións que se van levar a cabo (é o luns á 1ª hora (de 09:15 a 10:10h).

Polo número de unidades que te, ao centro correspóndelle ter Directora, Secretaria e Xefa de Estudos. A normativa establece claramente cales son as competencias de cada unha delas, na práctica (ás veces) bótase man das aptitudes persoais á hora de executar/resolver certas cousas do día a día.

No centro sempre está presente como mínimo 1 persoa do Equipo Directivo (sexan os que sexan os motivos polos que unha delas deba ausentarse).

## 11. XORNADA ESCOLAR E HORARIO DO CENTRO

A xornada escolar do noso centro é mixta:

- luns e venres o horario é reducido,
- martes, mércores e xoves, hai clase pola tarde.

### XORNADA LECTIVA

LUNS e VENRES	MARTES, MÉRCORES e XOVES
De 9:15 h a 13:05 h	De 9:15 h a 16:15h

### HORARIO DO COMEDOR

LUNS e VENRES	MARTES, MÉRCORES e XOVES
De 13:05h a 13:45h	De 14:05 a 15:20

**DISTRIBUCIÓN HORARIA DA XORNADA LECTIVA**

	<b>luns</b>	<b>venres</b>		<b>martes</b>	<b>mércores</b>	<b>xoves</b>
9:15 a 10:05			9:15 a 10:10			
10:05 a 10:55			10:10 a 11:00			
10:55 a 11:25	RECREO		11:00 a 11:50			
11:25 a 12:15			11:50 a 12:20	RECREO		
12:15 a 13:05			12:20 a 13:15			
13:05 a 14:45	COMEDOR		13:15 a 14:05			
			14:05 a 15:20	COMEDOR		
			15:20 a 16:15			

**HORARIO DA BIBLIOTECA ESCOLAR**

LUNS e VENRES	MARTES, MÉRCORES e XOVES
Recreo → de 10:50h a 11:25h	Recreo da mañá: de 11:50h a 12:20h Recreo de comedor: de 14:50h a 15:20h Para as familias ábrese os de 09:15 a 10:10
Todos as clases teñen marcado no seu horario lectivo 1 hora semanal fixa de biblioteca, ademais irán sempre que calquera profesor o considere oportuno.	

**12. QUENDAS DE VIXILANCIA DOS RECREOS**

A atención ao alumnado nas horas de recreo, tanto da mañá como despois do comedor, átense á norma que establece a ratio de profesor por nº de alumnos/as.

Todo o profesorado ten un día fixo de garda e outro que varía.

	LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
INFANTIL	<b>LOURDES</b> Profe que lle toque "doblar"	<b>PATRICIA (REL)</b> Profe que lle toque "doblar"	<b>ANXI</b> <b>JOEL</b>	<b>ISAAC</b> Profe que lle toque "doblar"	<b>ÁNXELA</b> Profe que lle toque "doblar"
BIBLIOTECA	<b>ANA</b>	<b>JÉSICA</b>	<b>ALBERTO</b>	<b>BÁRBARA</b>	<b>PATRICIA</b>
CAMPOS	<b>EVA</b>	<b>PILAR</b>	<b>LOLI</b>	<b>JOSE</b>	<b>CARMEN</b>
LATERAL XIMNASIO E FONTE	Profe que lle toque "doblar"	Profe que lle toque "doblar"	<b>LUPE</b>	Profe que lle toque "doblar"	Profe que lle toque "doblar"

**SE CHOVE:**

- TODA PRIMARIA VAI AO PAVILLÓN.
- SAEN E ENTRAN POLA PORTA PRINCIPAL.
- Á BIBLIOTECA VAI O ALUMNADO QUE QUEIRA (non poden ir ao pavillón/biblio no medio do recreo).
- O PROFESORADO ACOMPAÑA AO ALUMNADO ATA O PAVILLÓN. DESPOIS, RECÓLLEO NA ESQUINA DO EDIFICIO ADMINISTRATIVO.
- POR FAVOR, SEXAMOS PUNTUAIS PARA QUE TODOS/AS POIDAMOS DISFRUTAR DO RECREO.

### 13. PARTICIPACIÓN DO PROFESORADO DO CENTRO EN PROGRAMAS DE INNOVACIÓN EDUCATIVA

Durante o presente curso desenvolveranse no centro os PFPP:

- Formación en radio escolar: están inscritos 8 mestres/as
- Competencia dixital (pantalla e outros elementos de Polos Creativos): están inscritos 13 mestres/as

Ademais da participación nestes grupos de traballo a maior parte do profesorado está inscrito en diferentes cursos ofertados por "fprofe".

### 14. LIBROS DE TEXTO E DEMAIS MATERIAIS CURRICULARES ESTABLECIDOS NO CENTRO

Educación Infantil non terá libros de texto.

#### 1º E. PRIMARIA

ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	Lengua 1. + Leo bien 2022	ANAYA	978-84-143-1726-6	CASTELÁN
	SERIE OPERACIÓN MUNDO		978-84-678-4619-5	
	LEO		978-84-678-4620-1	
	Lengua 1. + Escribo ben 2022			

	SERIE OPERACIÓN MUNDO			
MATEMÁTICAS	Matemáticas SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-698-9351-7	CASTELÁN
CIENCIAS SOCIAIS	Ciencias Sociais 1 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-698-9650-1	GALEGO
CIENCIAS DA NATUREZA	Ciencias da Natureza 1 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-698-9512-2	GALEGO
INGLÉS	LEARN IT SHARE IT 1 Pupil's book and Sharebook ePk	MACMILLAN	9781380080936	INGLÉS
PLÁSTICA	EDUCACIÓN PLÁSTICA Y VISUAL. 1 PRIMARIA. REVUELA	SM	9788413925547	CASTELÁN

## 2º E. PRIMARIA

ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	SERIE OPERACIÓN MUNDO Lengua 2. + Leo y comprendo 2022	ANAYA	978-84-143-1728-0	CASTELÁN
LINGUA GALEGA	SERIE OPERACIÓN MUNDO Lingua 2. + Leo e comprendo 2022	ANAYA	978-84-698-9322-7	GALEGO
MATEMÁTICAS	SERIE OPERACIÓN MUNDO Matemáticas 2. (Con material manipulativo)	ANAYA	978-84-698-9373-9	CASTELÁN
CIENCIAS SOCIAIS	SERIE OPERACIÓN MUNDO Ciencias Sociais 2	ANAYA	978-84-143-1725-9	GALEGO
CIENCIAS DA NATUREZA	SERIE OPERACIÓN MUNDO Ciencias da Natureza 2	ANAYA	978-84-698-9516-0	GALEGO
INGLÉS	LEARN IT SHARE IT 2 Pupil's book and Sharebook ePk	MACMILLAN	9781380081292	INGLÉS
PLÁSTICA	EDUCACIÓN PLÁSTICA Y VISUAL. 2 PRIMARIA. REVUELA	SM	9788498562406	CASTELÁN

## 3º E. PRIMARIA

ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	Lengua 3 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-698-9915-1	CASTELÁN

LINGUA GALEGA	Lingua 3 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-698-9948-9	GALEGO
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS 3 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-698-9961-8	CASTELÁN
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS REVOA 22	SM	9788498548785	GALEGO
CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA REVOA 22	SM	9788498548792	GALEGO
INGLÉS	GO FAR! 3 STUDENT'S BOOK GO FAR! 3 ACTIVITY BOOK	RICHMOND RICHMOND	9788466836555 9788466836630	INGLÉS
RELIXIÓN	Relixión Católica 3	ANAYA	978-84-143-0183-8	GALEGO
MÚSICA	Música 3	ANAYA	978-84-143-0170-8	GALEGO

## 4º E. PRIMARIA

ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	LENGUA. CONSTRUYENDO MUNDOS (2023)	SANTILLANA	9788414407387	CASTELÁN
LINGUA GALEGA	LINGUA. CONSTRUINDO MUNDOS (2023)	SANTILLANA	9788491857051	GALEGO
MATEMÁTICAS	MATEMÁTICAS. (2023) CONSTRUYENDO MUNDOS	SANTILLANA	9788414407691	CASTELÁN
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	SM (2023)	9788419101594	GALEGO
CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA	SM (2023)	9788419101617	GALEGO
INGLÉS	GO FAR! 4 STUDENTS' PACK GO FAR! 4 ACTIVITY BOOK	RICHMOND	9788466836562 9788466836647	INGLÉS
RELIXIÓN	RELIXIÓN CATÓLICA 4 APRENDER É CRECER	ANAYA	978-84-678-8029-8	GALEGO
MÚSICA	NUEVO ACORDES. CONSTRUYENDO MUNDOS (cuaderno)	SANTILLANA	9788414408032	CASTELÁN

PLÁSTICA	CLIL WORLD ARTS AND CRAFTS 4 CLASSBOOK	OXFORD	97801905441829	INGLÉS
----------	---	--------	----------------	--------

## 5º E. PRIMARIA

ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	Lengua 5 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-143-0192-0	CASTELÁN
LINGUA GALEGA	Lingua 5 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-143-0225-5	GALEGO
MATEMÁTICAS	Matemáticas 5 SERIE OPERACIÓN MUNDO	ANAYA	978-84-143-0238-5	CASTELÁN
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS REVOA 22	SM	9788498548808	GALEGO
CIENCIAS DA NATUREZA	CIENCIAS DA NATUREZA 5 REVOA 22	SM	9788498548778	GALEGO
INGLÉS	GO FAR! 5 STUDENT'S PACK	RICHMOND	9788466836579	INGLÉS
	GO FAR! 5 ACTIVITY BOOK	RICHMOND	9788466836654	
RELIXIÓN	RELIXIÓN CATÓLICA 5	ANAYA	978-84-143-0458-7	GALEGO
MÚSICA	Música 5	ANAYA	978-84-143-0433-4	GALEGO

## 6º E. PRIMARIA

ÁREA	TÍTULO	EDITORIAL	ISBN	LINGUA
LINGUA CASTELÁ	LENGUA. CONSTRUYENDO MUNDOS (2023)	SANTILLANA	9788414407479	CASTELÁN
LINGUA GALEGA	LINGUA. CONSTRUINDO MUNDOS (2023)	SANTILLANA	9788491857273	GALEGO
MATEMÁTICAS	CONSTRUYENDO MUNDOS (2023)	SANTILLANA	9788414407721	CASTELÁN
CIENCIAS SOCIAIS	CIENCIAS SOCIAIS	SM	9788419101648 (2023)	GALEGO
CIENCIAS NATURAIS	CIENCIAS DA NATUREZA	SM	9788419101655 (2023)	GALEGO

INGLÉS	GO FAR! 6 STUDENT'S PACK GO FAR! 6 ACTIVITY BOOK	RICHMOND	9788466836586 9788466836661	INGLÉS
RELIXIÓN	RELIXIÓN CATOLICA APRENDER E CRECER	ANAYA	9788467835335	GALEGO
MÚSICA	NUEVO ACORDES. CONSTRUYENDO MUNDOS (caderno)	SANTILLANA	9788414408063	CASTELÁN
PLÁSTICA	CLIL WORLD ARTS AND CRAFTS 6 CLASSBOOK	OXFORD	9780190544843	INGLÉS

## 15. PROGRAMA ANUAL DE ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS E EXTRAESCOLARES

(Ver anexo 5)

## 16. PLAN DE AUTOPROTECCIÓN: MODIFICACIÓNS

O Plan de Autoprotección estase a modificar porque:

- agora todo o alumnado está no edificio principal,
- acondicionáronse novas aulas (Polos Creativos, Plástica, 2ª de Inglés, aula de Apoio/desdobre, 2ª de AL)
- modificáronse e reorganizáronse espazos existentes para un mellor aproveitamento e optimización de recursos.

\*Estamos na fase de facer un novo plano no que se contemplan todas as dependencias e os seus usos/ocupación)

## 17. PLAN DE ORGANIZACIÓN E COORDINACIÓN DAS TAREFAS DO PERSOAL NON DOCENTE

O persoal non docente que presta servizos no centro ten diferente horario de traballo:

O persoal de cociña está de 09:00h ata que remata coa recollida e limpeza da cociña e do comedor. (En ocasións, e dependendo do menú, entra ás 08:30h).

O persoal de limpeza desempeña as súas tarefas en horario de tarde, unha vez rematada a xornada lectiva.

As coidadoras cubren a totalidade do horario lectivo, desde o momento de chegada dos autobuses e do alumnado ao centro ata que remata a xornada lectiva (\*unha delas ten unha redución horaria do 93% polo que solo presta servizos os martes e os xoves de 09:00h a 10:15 h).

A traballadora do Concello que vén abrir o centro polas mañás, chega ás 08:30h e logo de abrir o centro, colaborar na recepción do alumnado que vén en bus e facewr pequenos recados/tarefas vaise. O seu tempo de traballo no centro redúcese a 1 hora.

## 18. HORARIO DE ATENCIÓN AO PÚBLICO

Como o centro non ten conserxe, intentamos que en todas as horas haxa alguén que poida atender ao público. Tendo en conta que sempre prima a atención ao alumnado, pode pasar que nalgunha hora non haxa ninguén disponible a tal efecto (se hai que substituír a algún compañeiro/a, por exemplo).

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
Profe de garda Directora Secretaria X. Estudos	Profe de garda Directora Secretaria	Profe de garda Directora Secretaria	Profe de garda Directora Secretaria	Profe de garda Directora
Profe de garda Directora	Profe de garda	Profe de garda X. Estudos	Profe de garda Secretaria	Profe de garda Directora Secretaria
<b>RECREO 10:55 a 11:25</b>	<b>Profe de garda</b>	<b>Profe de garda</b>	<b>Profe de garda</b>	<b>RECREO 10:55 a 11:25</b>
Profe de garda Directora	<b>RECREO 11:50 a 12:20</b>	<b>RECREO 11:50 a 12:20</b>	<b>RECREO 11:50 a 12:20</b>	Profe de garda
Profe de garda	Profe de garda X. Estudos	Profe de garda X. Estudos	Profe de garda X. Estudos	Profe de garda Directora X. Estudos
<b>COMIDA 13:05 a 13:45</b>	Profe de garda	Profe de garda	Profe de garda	<b>COMIDA 13:05 a 13:45</b>
	<b>COMIDA 14:05 a 15:20</b>	<b>COMIDA 14:05 a 15:20</b>	<b>COMIDA 14:05 a 15:20</b>	
	Profe de garda	Profe de garda	Profe de garda	

## 19. PLAN PARA A POTENCIACIÓN E ORGANIZACIÓN DAS RELACIÓNS DA COMUNIDADE COA FAMILIA.

As relacións familia-escola son un aspecto moi importante da vida do centro, delas depende o bo entendemento entre todos os membros da Comunidade Educativa.

O curso comeza cunha reunión para as familias do alumnado antes de que comecen as clases. Esat reunión consta de dúas partes:

1ª parte: benvida da Directora.



As familias reúnense "aula de audiovisuais-salón de actos". A Directora agradece a presenza de todos, da a benvida ao novo curso escolar, presenta a todo o profesorado e fai un repaso das normas de organización e funcionamento do centro.

2ª parte: as familias reúnense co titor/a dos seus fillos/as. Nesta parte, a información é sobre a dinámica de traballo na aula, o horario do alumnado, a metodoloxía que se vai empregar... o día a día do curso escolar.

As canles de comunicación establecidas para a comunicación familia-escola e escola-familia son:

- escola-familia:
  - abalar,
  - páxina web do centro,
  - correo electrónico,
  - teléfono;
- familia-escola:
  - abalar,
  - teléfono,
  - nota na axenda do alumno/a,

Para reunións /titorías co profesorado, as familias deben solicitar cita pois así evítase que coincidan varias familias ao mesmo tempo. Hai unha horaseманal de titorías marcada no horario do profesorado, pero sempre se facilita a conciliación familiar buscando momentos nos que se poida levar a cabo dita reunión/titoría.

O/a titor/a fará como mínimo unha reunión trimestral coa familia de cada alumno/a para comentar o seu desenvolvemento académico (e persoal tamén).

A final de curso recomendase que cada titor/a faga unha "reunión de fin de curso" para ofrecer unha valoración final do desenvolvemento do curso académico.

As faltas de asistencia deben xustificarse a través de abalar, aínda que tamén se acepta unha nota na axenda.

Coa finalidade de mellorar o coñecemento e comunicación familia-escola, están programadas xuntanzas de convivencia ao longo do curso. Coa colaboración da ANPA, organízanse celebracións como a do "día da familia" cunha chocolatada no patio.

As familias poden recurrir sempre que o precisen á orientadora do centro.

Para facilitar ao máximo a atención ás familias, estableceuse un cadro horario de tal xeito que en calquera momento da xornada lectiva hai alguén dispoñible para a atención ao público (ver cadro no punto 18). Esta atención pode ser alterada por cuestións organizativas e de atención ao alumnado (se hai que substituír a alguén que falte).

## 20. PLAN DE TRANSPORTE ESCOLAR

O transporte escolar é un dos servizos complementarios do que dispón o centro.

Atendendo á normativa vixente en cada autobús vai unha monitora que se ocupa do coidado do alumnado.

O servizo de transporte consta de 5 liñas/rutas que percorren as 13 parroquias que forman o concello de As Neves.

Para complementar o servizo dos autobuses, hai un taxi para achegar a 2 alumnas desde o seu domicilio ata a parada correspondente.

### HORARIOS

Todos os autobuses chegan ao centro entre as 09:00 e as **09:15**.

A saída será:

- luns e venres ás 13:50h
- martes, mércores e xoves ás 16:20h

No servizo de volta a chegada ás paradas é aproximada.

Para que o alumnado identifique o autobús que lle corresponde asignóuselle unha cor a cada un deles:

BUS	PERCORRIDO	COR IDENTIFICATIVA
LIÑA 1	Lentille- Taboexa- Rubiós	AMARELO
LIÑA 2	Pallotas - Estación	AZUL
LIÑA 3	Liñares - Montesol	MORADO
LIÑA 4	Cerdeira – Sta Marta - Ribarteme	VERDE
LIÑA 5	S. Cibrán – Vide - Setados	VERMELLO

Nos primeiros días de clase fáiselle entrega ás monitoras do autobús do listado de alumnos/as usuarios/as de cada liña. Nese listado constan os teléfonos das familias por se é preciso chamalas. Tamén se lles entregan as autorizacións que cada familia fai para queo alumnado poida ser recollido ao chegar á súa parada.

Ao chegaren os autobuses ao centro escolar, as monitoras axudan ao alumnado a baixar. No portal verde estará o profesorado de garda para recibir ao alumnado que baixa dos autobuses e comprobar que ninguén queda fóra.

Á hora de marchar, o profesorado que teña clase co alumnado fará a entrega deste ás monitoras do bus que lle corresponde a cada neno/a.

Calquera incidencia que haxa durante o traxecto de autobús, as monitoras comunicarano ao centro por escrito.

## 21. REGULAMENTO DA ORGANIZACIÓN DO COMEDOR

O CEIP Marquesa do Pazo da Mercé conta con servizo de comedor con cociña propia.

O comedor está ubicado na planta baixa do edificio principal en consta de 4 partes:

- entrada na que hai unha ringleira de lavabos e dispensadores de xabón e panos de papel para que o alumnado lave as mans antes de comer;
- mostrador de autoservizo no que o persoal de cociña vai servindo as bandexas do alumnado;
- zona de comedor do profesorado;
- zona de comedor do alumnado.

O comedor dispón de tantas prazas como alumnado e profesorado colaborador hai no centro. Este ano son 141 prazas para alumnado e 23 para profesorado e persoal non docente (persoal de cociña e cuidadora).

O horario do comedor non é o mesmo todos os días:

luns e venres	martes, mércores e xoves
13:05 – 13:45	14:05 – 14:45

## **PERSOAL DE COCIÑA**

Na cociña traballan 3 persoas:

- cociñeiro
- 2 auxiliares de cociña

## **PROFESORADO COLABORADOR**

O comedor está vixiado por profesorado do centro que presta os seus servizos por quendas:

*A directora:* Guadalupe Prego García.

*A coordinadora do comedor:* Lourdes Lista Neira.

*Profesorado colaborador:*

Jésica Lorenzo Cames

Alberto Arce Yáñez

José Álvarez Estévez

M<sup>a</sup> Dolores Barbeito Lorenzo

Bárbara Lamelo González

Ana Rodríguez Nóvoa

Eva Cid Rodríguez

Ángeles Rodríguez Bermúdez

Carmen Leirós Giráldez

Ánxela Jurschick

Isaac Rodríguez Casal

Joel Davila Pérez

Mercedes Groba

Patricia Castiñeiras

O profesorado colaborador encárgase de:

- velar polo cumprimento das normas establecidas,
- atender ao alumnado que o necesite,
- animar a comer/probar de todo a aquel alumnado reticente a comer,
- servir máis comida a quen o demande,
- repartir a sobremesa, pois esta non ser colle no autoservizo,

- vixiar ao alumnado no tempo de lecer que hai despois de comer.

## **ORGANIZACIÓN DOS ESPAZOS**

O espazo de comedor do alumnado, aproveitando a distribución arquitectónica do mesmo (ten planta de cruz grega) está dividida en 4 zonas ás que se accede por unha rampa de madeira:

- Zona de E. Infantil, con mesas e cadeiras axeitadas á idade e altura do alumnado;
- Zona do 1º ciclo de E. Primaria;
- Zona do 2º ciclo de E. Primaria
- Zona do 3º ciclo de E. Primaria

Esta distribución facilita a supervisión do alumnado e a axuda/atención que calquera deles poida demandar.

## **ORGANIZACIÓN DO SERVIZO DE COMEDOR**

### **a) Alumnado de E. Infantil**

O alumnado de E. Infantil accede ao comedor 5 minutos antes de que sone o timbre para non coincidir co alumnado de E. Primaria e evitar aglomeracións. Chegan ao comedor e sentan nos seus sitios onde xa teñen posa a súa bandexa.

Cando todo o alumnado esté no comedor, o persoal de cociña e o profesorado colaborador serviralle a comida.

A súa comida é servida cortada e desespiñada (no caso do peixe) para evitar atragoamentos.

O profesorado colaborador axudará aos máis pequenos no que necesiten. Será tamén este profesorado o encargado das repeticións na comida.

Ao acabar de comer teñen que meter os seus cubertos no bete destinada para tal fin, levantarse e achegar a súa cadeira á mesa e sair en fila. As súas bandexa recólleas despois o persoal de cociña.

**b) Alumnado de E. Primaria**

O alumnado de E. Primaria accede ao comedor, lava as mans e ponse na fila para coller a súa bandexa esperando a que o sirvan. Hai un par de anos que se implantou o "autoservizo" o alumnado colle a bandexa e vai pasando polo mostrador onde o persoal de cociña lle bota a comida. Unha vez servidos baixan ao comedor onde cada un ocupa o sitio que lle corresponde.

Será o profesorado colaborador quen se encargue de botarlles máis comida se así o demandan.

Unha vez que acaban de comer, para abandoar o comedor, farano por orde recollendo a súa bandexa e levándoa ao mostrador onde a recollerá o persoal de cociña.

Os luns e venres collen as súas mochilas e marchan para a casa.

Os martes, mércores e xoves saen ao patio ata as 15:20 que empeza a última sesión da tarde.

**NORMAS BÁSICAS DE OBRIGADO CUMPRIMENTO**

Non hai moitas normas no comedor, pero sí as mínimas para que o seu funcionamento sexa correcto. E polo seu cumprimento velará o profesorado colaborador.

**Normas:**

1. Lavar as mans antes de entrar.
2. Entrar en fila e ordenadamente para coller a bandexa e a comida.
3. Dirixirse cada un ao seu sitio despacio para non tirar nada.
4. Falar en voz baixa, sen gritar.
5. Levantar a man cando necesitan algo (auga, pedir máis comida, pan...)
6. Ir ao baño antes de entrar no comedor ou ao saír. So se irá en caso de urxencia.
7. Non molestar aos compañeiros de mesa.
8. Non tirar comida nin nada ao chan.
9. Recoller a bandexa e comprobar que na mesa e no chan non queda nada.
10. Sair en fila e sen correr.

O incumprimento dalgunha destas normas trae consigo consecuencias: o profesorado colaborador determinará como proceder cando non se respecten estas normas:

- Quedar de último para saír,
- Axudar na recollida das mesas de E. Infantil,
- Comunicación da falta ás familias
- Permanecer no comedor un tempo determinado despois de que saian todos.

Se a falta é moi grave botarase man da normativa que rexe o funcionamento do centro.

## **22. PLAN DE UTILIZACIÓN DAS INSTALACIÓNS DO CENTRO**

As instalacións do centro son para uso e disfrute de toda a Comunidade Educativa.

O centro tamén está aberto a acoller aquelas actividades de carácter lúdico-deportivo-cultural que calquera asociación do concello e/ou o Concello mesmo queiran desenvolver. Basta con solicitar por escrito o seu uso e responsabilizarse das actividades a levar a cabo así como do coidado das instalacións e dos recursos que se van usar.

## **23. PLAN DE ACTIVIDADES PROPOSTAS POLA ANPA**

Para este curso a ANPA ten como obxectivos :

1. Ofertar actividades complementarias ás desenvolvidas no horario lectivo.
2. Facilitar a conciliación familiar.
3. Fomentar a convivencia.
4. Orientar ás familias na educación dos seus fillos e fillas.
5. Favorecer a igualdade de oportunidades.
6. Levar a cabo xornadas informativas tanto para familias como para o alumnado.
7. Colaborar co centro en todas aquelas actividades/propostas que favorezan o crecemento integral do alumnado.
8. Participar activamente na vida do centro (reunión de C. Escolare todas aquelas actividades e reunión nas que se requira a súa presenza).

9. Representar (solicitar informacións, aportar ideas...) ás familias nas relación co centro educativo.

Ao longo do curso desenvolverá estas actividades:

- Obradoiros de igualdade.
- Charlas e encontros informativos para familias.
- Excursión fin de curso para o alumnado de 6º EP
- "Aula matinal" (Plan Madruga) a partir de mediados de outubro en horario de 07:30h a 09:00h.

### Actividades durante todos os días da semana:

LUNS	MARTES	MÉRCORES	XOVES	VENRES
BALONCESTO 13:45h-15:45h	PINTURA 16:15h – 17:15h	COCIÑA CREATIVA 16:15h – 17:15h	BAILE MODERNO 16:15h – 17:15h	PATINAXE ARTÍSTICO 13:45h-15:45h
	BÁDMINTON 16.15h– 18:00h		BÁDMINTON 16.15h – 18:00h	TENIS 15:15h – 16:15h

## 1. PLAN XERAL DE AVALIACIÓN DO CENTRO

Para avaliar a organización e funcionamento do centro, e tamén o desenvolvemento do presente curso, contémpanse 3 momentos que coinciden co final de cada un dos trimestres. No Claustro e no Consello Escolar correspondentes a cada trimestre farase un repaso das actuacións levadas a cabo ata o momento e valorarase o seu resultado. Como toda programación de actividades é un documento flexible, dependendo da valoración feita adoitaranse medidas axeitadas ás deficiencias ou éxitos verificados.

Na memoria final do curso farase constar a consecución dos obxectivos propostos e a valoración do desenvolvemento xeral do curso.

Na avaliación participará toda a Comunidade Educativa (estanse elaborando enquisas e escalas de observación do grao de consecución dos obxectivos propostos).



Esta PXA (Programación Xeral Anual) foi presentada ao Claustro e ao Consello Escolar para o seu coñecemento e a súa aprobación en

As Neves, a 16 de outubro de 2023

Asdo. Guadalupe Prego García

(Directora do CEIP Marquesa do Pazo da Mercé)